



TRÁMITE: Certificado do acordo.

José Luis Mato Rodríguez, secretario Xeral do Pleno e das súas Comisións do Concello de Pontevedra, CERTIFICO que, na sesión do Pleno do Concello que tivo lugar o día 20.07.2026, adoptouse o seguinte ACORDO que, na súa parte dispositiva literalmente, di:

“3.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN COA FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS DE NAIS E PAIS DE ALUMNOS DE CENTROS PÚBLICOS DE PONTEVEDRA PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE ACTIVIDADES EDUCATIVAS EN VERÁN E NADAL DURANTE O PERÍODO 2026/2030. 2026/SUBDIREC/000013.

De orde da Presidencia, o secretario dá conta do ditame favorable emitido pola Comisión de Benestar Social, Cultura e Dinamización Sociocultural, en data 07.07.2026, sobre a proposta que figura no asunto.

(Intervención do concelleiro delegado da Área de dinamización social e cultural)

Sen máis intervencións realízase votación ordinaria, sendo o seu resultado o seguinte:

A favor: 13 (9 BNG e 4 PS^{de}G-PSOE)

Abstencións: 9 (PP)

Polo tanto, o Pleno do Concello, por maioría, acorda:

“Primeiro: Declarar o especial interese público e/ou social da actividade a financiar aprobando a concesión dunha subvención á FANPA (NIF G36020311) para apoiar as actividades complementarias que se van realizar durante o período 2026-2030, nos termos previstos no convenio regulador da axuda e polos importes que se sinalan no mesmo (2026: 94.000,00€; 2027: 112.350,00€; 2028: 115.158,75; 2029: 118.07,72 e 2030: 17.230,25 €)

Segundo: Aprobar o gasto polo importe que corresponda, con cargo á aplicación orzamentaria 05/3261/48090 e operación do exercicio vixente 2026000030087, estando supeditada a execución do resto de anualidades a existencia de crédito axeitado e suficiente nos respectivos orzamentos.

Terceiro: Aprobar o texto do convenio regulador da subvención que se incorpora ao expediente, redactado por este servizo xestor, documento co CSV: 22HH*****50”

NOTA de Secretaría.- O CSV do documento referido anonimízase deste modo para preservar os datos de carácter persoal que doutro modo poderían obterse. Isto sen prexuízo das publicacións e accesos, que procedan conforme á Lei. ”

E para que conste, coa reserva á que se refire o artigo 92.2 do Regulamento Orgánico do Pleno e das súas Comisións (BOP 248, de 28 de decembro de 2005), expido a presente certificación, visada polo Alcalde, en Pontevedra ao día da sinatura.

